


ARRANXEMOS A MODA!

CONSELLOS PARA A
COMPRA CONSCIENTE



TROCA OS
TEUS ZAPATOS

Campaña
Roupa Limpa 

Clean Clothes
Campaign

Setem
aMaRante
www.amarantesetem.org

QUE É O QUE A ETIQUETA NON CHE DI?

As marcas de moda non nos achegan demasiada información sobre o lugar onde se fabricaron os zapatos ou as pezas que levamos. Están a esconder a realidade que teñen que vivir as persoas que as producen en condicións durísimas, tanto nas fábricas coma nos seus domicilios.



A Campaña Ropa Limpia apoia os traballadores e traballadoras da industria global da roupa e o calzado na súa loita por unhas condicións de traballo dignas.



ropalimpia.org



Facebook/CampañaRopaLimpia



info@ropalimpia.org
central@amarantesetem.org



Twitter @CRLSETEM

Este documento elaborouse coa axuda financeira da Unión Europea. A responsabilidade dos contidos corresponde unicamente a SETEM





10 céntimos

MULLERES QUE
TRABALLAN A DOMICILIO



100 €

GRANDES AVENIDAS
COMERCIAIS

As mulleres que traballan a domicilio no sur da India cobran pouco máis de 10 céntimos de euro pola ardua tarefa de coser a man as pas duns zapatos que poden acabarse vendendo por máis de 100 euros nas grandes avenidas comerciais. Non dispoñen de contrato de traballo nin de todos os dereitos que deberían ter como traballadoras.

CAL É O CUSTO REAL?

Cada semana xorden novas tendencias de baixo custo nas tendas. O obxectivo da industria “Fast fashion” é facernos comprar canto máis mellor.

Deste xeito, podemos estar súper sexis un sábado pola noite ou sempre que nos apeteza! Xenial, verdade? Pois non.

Tal como advirte a xornalista Lucy Siegle:

“

A moda rápida non é gratuíta. Alguén, nalgún sitio, está a pagala.

”

Non queremos que o noso calzado e a nosa roupa xere danos a outras persoas. Con todo, sabemos que as grandes marcas obteñen enormes beneficios, mentres que o persoal cobra salarios de miseria e traballa en condicións perigosas.





1134

MORRERON



2500

FERIDAS

1.134 persoas morreron e 2.500 resultaron feridas cando o edificio de fábricas de roupa Ra Praza en Bangladesh se derrubou en 2013. Aínda é necesario traballar moito para garantir a seguridade dos 4 millóns de persoas traballadoras da confección e das 5.000 fábricas de roupa do país.

O problema non é unicamente a moda rápida e barata. Un prezo elevado na etiqueta duns zapatos ou duns pantalóns non garante que se foron producidos eticamente. **Por tanto, que podes facer para asegurarte de que as persoas que fabrican a túa roupa e o teu calzado reciben un trato xusto?**

ROMPE O CÍRCULO VICIOSO

Tes moita roupa pero non sabes por que? Moita xente recoñece que ten zapatos que nunca puxo, e mesmo que tirou cousas que só utilizou unha vez!

En Europa tíranse uns 8 millóns de toneladas de roupa cada ano

Loitar contra a moda rápida é posible!

- Compra menos roupa e calzado
- Escolle artigos de calidade e feitos para durar
- Adquire produtos de segunda man
- Pregunta ás tendas sobre as prácticas das marcas

Retardemos o ritmo da moda e demostrémoslles ás marcas que queremos roupa e zapatos xustos, non simplemente máis roupa e zapatos.



VISTE CON AMOR

REPARA



Tes un xersei furado? Agarra fío e agulla. Despegóuseche unha sola? Cun pouco de cola para calzado, todo arranxado. Fáltache habilidade? Acude ao taller de reparación máis próximo.



REUTILIZA CON ORGULLO

Ás veces sentimos a presión de vestir roupa diferente cando quedamos coas mesmas amizades. Pon as túas pezas preferidas con orgullo sempre que queiras!

RE-IMAXINA



Poderías facer revivir esas aburridas zapatillas de deporte grazas a uns cordóns ou lazos de cores rechamantes? Eses pantalóns demasiado curtos poden renacer como pantalóns curtos de verán? Pensa en clave creativa!



INTERCAMBIA


Se finalmente te cansas da roupa que levas ou che gustaría que fose diferente, por que non organizas unha xornada de intercambio? Queda coas amizades e ponde en común as vosas pezas. Fai que a túa roupa e calzado atopen un novo fogar e queda con algúns tesouros que alguén amou antes!

EXIGE MEJORAS


Se eliximos de maneira consciente podemos cambiar moitas cousas. Pero se realmente queremos arranxar a moda o máis importante é que fagamos que a industria actúe.

A cadea de subministración global é complexa. Se sabemos cales son as fábricas provedoras de cada marca poderemos facer que as marcas rendan contas. As persoas traballadoras poderán defender os seus dereitos, esixir indemnizacións en caso de sufrir accidentes e denunciar os abusos relativos aos salarios e á seguridade. A transparencia tamén nos axudará a elixir de maneira informada.

Cando teñas que comprar roupa ou calzado novo, faino de maneira que transmitas o teu apoio aos traballadores e traballadoras, estean onde estean.



A próxima vez que vaias comprar roupa e zapatos, pregunta pola persoa responsable da tenda e preguntalle: onde se fabricou isto? Dille que queres que a empresa publique a lista de provedores e que se respecten os dereitos das persoas traballadoras. Podes asinar esta postal e entregala.



ROPALIMPIA.ORG




TROCA OS
TEUS ZAPATOS

Campaña
Roupa Limpa 
.....
Clean Clothes
Campaign

Sefem
aMaRante
www.amarantesetem.org



Campaña
Roupa Limpa 
Clean Clothes
Campaign

Setem
aMaRante
www.amarantesetem.org

Á atención da/do responsable da tenda,

Como cliente/a, preocúpanme as condicións de traballo na industria global da moda. Quero saber facilmente onde se fabricou a roupa e o calzado que compro.

Máis de 1.100 persoas traballadoras morreron a raíz do derrube da fábrica Ra Praza de Bangladesh no ano 2013. Pero antes de que as familias puidesen esixir indemnizacións, tiveron que buscar as etiquetas de roupa entre os cascallos, xa que a información relativa ás marcas vinculadas á fábrica non se fixo pública.

Algunhas marcas de roupa e calzado acaban de publicar listas de provedores. Recoñecen as súas obrigas polo que respecta á transparencia e cren que mostrar que non teñen nada que ocultar é unha boa estratexia de negocio. Facer que esta información sexa de dominio público supón un gran paso adiante na defensa dos

dereitos das persoas traballadoras, xa que permitirá a rendemento de contas no caso de que se produzan máis traxedias. Tamén facilitará que as persoas traballadoras poidan facer valer os seus dereitos.

Por favor, pónhase en contacto coa central e transmítalle as miñas demandas:

- que se publiquen os nomes, os enderezos e os datos de contacto de todas as fábricas provedora,
- que se demostre que se están respectando os dereitos humanos das persoas que fabrican a roupa e os zapatos, e que se garantan salarios dignos e condicións laborais seguras.

Atentamente,

Para máis información, visita www.ropalimpia.org ou escribe a info@ropalimpia.org
ou en Galicia contacta con central@amarantesetem.org